



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN DAS BASES DO CAMPAMENTO ALDEA DE VERÁN 2025

ANTECEDENTES:

1. Aldea de Verán pretende ser unha oferta educativa que, o Concello de Carnota, a través do Departamento de Servizos Sociais, lles ofrece ás familias co fin de conciliar a vida persoal, laboral e familiar durante as vacacións de verán e, ao mesmo tempo, contribuír á formación socioeducativa da rapazada que participe neste campamento estival.
2. Este campamento está dirixido á rapazada de 3 a 12 anos.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

O artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local establece as atribucións que ostenta o alcalde.

De acordo con todo o indicado, RESOLVO:

1. Aprobar as bases do Campamento Aldea de Verán 2025 anexas a esta Resolución.
2. Dar conta desta Resolución ó Pleno.

O alcalde

Juan Manuel Saborido Rama

Dou fe. O secretario

José Luis Veiga Sierra



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

BASES DO CAMPAMENTO “ALDEA DE VERÁN 2025”

Aldea de Verán pretende ser unha oferta educativa que o Concello de Carnota, a través do Departamento de Servizos Sociais, lles ofrece ás familias co fin de conciliar a vida persoal, laboral e familiar durante as vacacións de verán e, ao mesmo tempo, contribuír á formación socioeducativa da rapazada que participe neste campamento estival, con actividades atractivas dende o punto de vista educativo, cultural e convivencial.

1. DESTINATARIOS/AS

O programa está dirixido a rapazada de 3 a 12 anos, que estarán divididos en grupos de traballo segundo a idade. No referente aos rapaces e rapazas de tres anos, non poderán participar os que aínda non cursaran 4º de Educación Infantil. Respecto á rapazada de 12 anos, só poderán asistir os/as que cursen 6º de educación primaria.

2. NÚMERO DE PRAZAS

Ofértanse 80 prazas no mes de xullo e 70 prazas no mes de agosto.

3. CRITERIOS DE SELECCIÓN (NON EXCLUÍNTES) E ADXUDICACIÓN DAS PRAZAS

Para outorgar as prazas teranse en conta os seguintes criterios, segundo a puntuación que se indica na seguinte táboa:

CRITERIOS	PUNTUACIÓN
Participantes empadroados/as no Concello de Carnota, xunto con, polo menos, 1 proxenitor/a ou titor/a legal. Cunha antigüidade superior a 6 meses.	20
Familias nas que ambos os proxenitores ou titores legais traballen ou familias monoparentais ou monomarentais traballando.	6
Familia monoparental ou monomarental	2
Familia numerosa categoría xeral	2
Familia numerosa categoría especial	3
Familias con fillas/os con certificado de discapacidade	2 (por filla/o que presente certificado de discapacidade)
Vítimas de violencia de xénero	2
Renda <i>per cápita</i> igual ou inferior a 10.000 €	2

A omisión de información ou a falsidade dos datos ou dos documentos achegados serán causa de denegación, con independencia da incoación do correspondente expediente sancionador.



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

A adxudicación das prazas realizarase da seguinte maneira:

- Adxudicación directa: se as solicitudes non superan o número de prazas ofertadas.
- No caso de que as solicitudes superen as prazas ofertadas, a selección dos/das aspirantes realizarase en función do cumprimento dos requisitos da táboa anterior, asignando praza directa aos que teñan a maior puntuación ata cubrir a totalidade das prazas.

No caso de que se produzan empates nas puntuacións, realizarase un sorteo público entre as/os aspirantes que teñan a mesma puntuación, realizaranse tantos sorteos como empates se produzan ata cubrir as prazas e establecer a orde da lista de agarda.

Dado que un dos obxectivos desta actividade é favorecer a conciliación da vida laboral e familiar, nos sorteos que de ser o caso se realicen, os irmáns irán na mesma papeleta.

4. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

O prazo para a presentación das solicitudes abrangue dende o 19 ata o 23 de maio, ás 14:00 horas (ambos incluídos).

Xunto co modelo de solicitude deberán xustificar documentalmente os requisitos declarados nela:

- Volante de empadramento ou autorización para a comprobación dos datos no padrón municipal.
- Vida laboral dos proxenitores ou certificado de servizos prestados.
- Xustificación acreditativa de familia monoparental ou monomarental.
- Título de familia numerosa.
- Certificado do grao de discapacidade.
- Documentación xustificativa da situación de violencia de xénero, en vigor.
- Declaración do IRPF correspondente ao ano 2023. Certificado de imputacións de renda, emitido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.

Cabe a posibilidade de valorar situacións familiares de especial dificultade, previo informe elaborado polo persoal técnico do Departamento de Servizos Sociais, dándolle prioridade a estas situacións.

Estes requisitos deben cumprirse na data da aprobación destas bases.

5. HORARIOS

Este campamento levarase a cabo de luns a venres, durante os meses de xullo e agosto, agás os festivos. O horario será de 10:00 a 14:30 horas, mais ofrecerase a posibilidade de incorporarse ás 08:00 h da mañá, naqueles casos en que sexa necesario para favorecer a conciliación da vida persoal, laboral e familiar.



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

6. PREZO

Esta actividade está subvencionada pola Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia, polo que é gratuíta para as familias que participen.

7. NORMAS DE FUNCIONAMENTO

Deberanse comunicar á persoa encargada da actividade os cambios que se produzan en relación cos datos que figuren na folla de inscrición.

Prégase puntualidade na entrega e recollida da rapazada.

Máis de catro faltas de asistencia sen xustificar ao campamento poderán ocasionar a baixa na actividade. Neste caso, ofertaráselle a praza ao neno ou nena que corresponda segundo a orde establecida na lista de agarda.

8. OBSERVACIÓNS

1. Recoméndase vestimenta e calzado cómodo.
2. Cómpre que as/os participantes boten crema solar antes de saír da casa e que traian unha pequena merenda para a media mañá, unha gorra e unha botella de auga.
3. No caso de que se realice unha actividade acuática deberán traer unha bolsa con traxe de baño, toalla, chancletas e crema solar.

9. COMISIÓN DE VALORACIÓN

A comprobación dos criterios de selección e da documentación achegada, será realizada por unha comisión de valoración, que queda constituída polos seguintes membros:

Titulares:

1. Traballadora social do Concello de Carnota
2. Educadora familiar do Concello de Carnota
3. Técnica de información xuvenil do Concello de Carnota

Suplentes:

1. Orientador laboral do Concello de Carnota
2. Técnica de cultura do Concello de Carnota
3. Técnica de normalización lingüística do Concello de Carnota

10. PUBLICIDADE

As bases e as resolucións que se diten neste procedemento publicaranse no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carnota:

(<https://sede.carnota.gal/opencms/es/informacion/>)

e na páxina web do Concello de Carnota: (<https://www.carnota.gal/taboleiro-anuncios/>).



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

A lista de admitidos, excluídos e de agarda será publicada co nome e apelidos do representante da persoa para a que se solicita a praza.